

COMENTARIO DE MAPAS DO TEMPO

ESQUEMA DE COMENTARIO

1. Introducción

-**Definición de mapa en superficie:** mapa meteorolóxico que mostra o estado da atmosfera en superficie a través de isóbaras (liñas que unen puntos coa mesma presión). (Xeralmente este mapa aparece á esquerda).

-**Definición de mapa en altura:** mapa do estado da atmosfera en altura, a 500 mb de presión. Mostra a información a través de isohipsas, ou liñas que unen puntos coa mesma altura. Tamén representa información sobre as temperaturas, a través das isothermas (liñas que unen puntos coa mesma temperatura). Para coñecer a temperatura en superficie temos que sumar 33° a isoterma. (Xeralmente este mapa aparece á dereita).

-**Espazo xeográfico representado:** Atlántico oriental, Europa occidental e o norte de África.

-**Data do mapa**

2. **Comentario:** dividímolos en dúas partes, por un lado comentamos o mapa en superficie e por outro o mapa en altura.

-Mapa en superficie

-**Centros de acción: anticiclóns e borrascas.** Temos que **definir** anticiclón e borrasca; despois temos que **identificar** cales son, en base á súa **localización** (temos mapas de centros de acción na explicación teórica ao principio do libro). Comentar a **profundidade**, é dicir, cantos mb de presión teñen.

TRUCO: cando os A e B se repiten en altura e en superficie, son no 99% dos casos de tipo dinámico. Cando aparecen en superficie e en altura non, son de tipo térmico.

-**Masas de aire:** en relación cos centros de acción. Son a rexión manantial dos centros de acción (onde nacen), polo que en base a procedencia do anticiclón ou da borrasca, temos que identificar a masa de aire.

-**Frontes:** definir fronte. Indicar se as fronteas que aparecen están asociadas a algún centro de acción e onde están (localización no mapa).

-Mapa en altura

-**Jet stream ou corrente en chorro:** definición deste factor. Despois comentamos a súa **situación** (si está alto ou baixo en latitude) e a súa **traxectoria** (se é zonal ou se

describe ondas). O jet stream case sempre ten correspondencia en superficie coa fronte polar e condiciona o tipo de tempo que existe na superficie.

3. Predición

-Situación básica ou de fluxo: Básica, cando existe un centro de acción instalado de forma estable (a nosa situación de verán). De fluxo, cando temos un paso de centros de acción que se van desplazando (a nosa situación de inverno de tempo de O). A situación de fluxo permítenos deducir o tempo que fará ao día seguinte (o mesmo, porque seguirán entrando fronte asociadas ás borrascas).


-Precipitacións: cando temos A, temos tempo estable e seco; cando temos B, temos tempo inestable e chuvioso. Sobre todo se B aparece con fronte asociadas.

Temperaturas: podemos saber a temperatura exacta grazas a isoterma en altura.

Vento: é máis intenso cando as isóbaras aparecen xuntas, e é máis frouxo ou inexistente cando as isóbaras aparecen moi separadas.

*Non nos olvidemos das Canarias.

COMENTARIO DA SITUACIÓN SINÓPTICA DE VERÁN: TEMPO CÁLIDO E ESTABLE.



Comentario e predición.

Comentario:

Mapa en superficie

Dentro do mapa en superficie podemos distinguir tres **centros de acción**: dúas borrascas e un anticiclón. As borrascas son centros de baixas presións (-1013 mb) que xiran en sentido antihorario e producen tempo chuvioso e inestable. Temos unha B situada ao noroeste do mapa, concretamente no océano atlántico ao carón da costa de Canadá. Esta borrasca ten unha profundidade de 1000 mb. A segunda borrasca aparece nas costas occidentais africanas, non ten profundidade, polo que probablemente aínda

está fórmándose. Como non ten correspondencia en altura, é probable que sexa de tipo térmico, ocasionada polo quentamento do solo deibo a acción do anticiclón.

Os anticiclóns son centros de altas presións (+1013 mb) que xiran en sentido horario e producen tempo estable e seco. O anticiclón que temos no mapa, aparece no atlántico fronte as costas europeas e ten unha profundidade de 1032 mb. Como ten correspondencia en altura sabemos que é de tipo dinámico e que o máis probable é que se trate do anticiclón das Azores. Este anticiclón desprázase ao norte no verán afectando a península Ibérica.

A **masa de aire** da que procede o centro de acción que nos afecta (A das Azores) é a tropical marítima, procedente do sur.

As **frontes** son superficies de discontinuidade que separan masas de aire de distintas características. No noso mapa, aparecen fronteas en latitudes altas, afectando ao norte continental de Europa, as illas británicas e a península escandinava. Probablemente se trate da fronte polar, a cal circula neseas latitudes durante o verán.

Mapa en altura

O **jet stream** ou corrente en chorro, é un fluxo de ventos que circula en altura en dirección O-L a velocidades de ata 300 km/h. É o responsable do tempo en superficie. Aparece onde as isohipsas se xuntan. No noso caso, vemos como aparece en latitudes altas e ten correspondencia coa fronte polar en superficie. A súa traxectoria é zonal, tal e como corresponde a estación do ano (verán).

Predición

A península Ibérica e Baleares atópanse nunha **situación básica** anticiclónica, con tempo estable e seco, moi típica do verán. Concretamente, está baixo a influencia do anticiclón das Azores, que no verán se despraza ao norte bloqueando as borrascas e fronteas, e permitindo a existencia dun tempo cálido e seco na península.

Os **ventos** son practicamente inexistentes (estamos case nunha situación de pantano barométrico), xa que soamente temos dúas isóbaras sobre a península e o seu trazo é ondulado.

A **precipitación** é inexistente, xa que non temos borrascas nin fronteas afectándonos. Aínda así, se a borrasca térmica que está nas costas occidentais de África evoluciona, podería producir tempo inestable con choivas e tormentas nas illas Canarias e no suroeste peninsular.

A **temperatura** é cálida, a isoterma en altura danos un valor de 21° en superficie.